




**1. EMPRAZAMENTO**



**DATOS XERAIS**

Comarca: Arco Bergantiñán. Sector: Costa de Caión. Concello: Arteixo. Parroquia: Santiago de Arteixo. Extensión: 0,65 km<sup>2</sup>

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade de acantilados de parede vertical con plataforma rochosa irregular frontal e teito aplanado. Esta suavidade de formas pérdese un pouco na lomba procedente da elevación A Cabreira, ao sueste da unidade, onde aumenta a pendente.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A maior parte da unidade modélase nun orotoneis herciniano. Na banda máis oriental, aparecen os materiais da "Serie de Ordes", en concreto xisto e cuarzoístos de Idade precámbrico-silúrica.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Tramo costeiro influído por un ambiente climático Subhúmido e Cálido: as precipitacións anuais oscilan entre 1000 mm e 1200 mm mentres que a temperatura media anual supera os 14° C. Os valores medios de amplitude térmica sitúanse entre 12,5° C e 13,5° C.

#### OS SOLOS

Aparecen solos moi incipientes, con dominio total dos regosoles.


#### AS AUGAS

Vertente costeira na que non destaca ningunha corrente fluvial de importancia. Desenvólvense pequenas valgadas de escasa prolongación continental que desaugan na masa de Augas Costeiras da costa de Arteixo (20129).

#### O PATRIMONIO NATURAL

Os sectores inferiores das vertentes costeiras e os seus montes encaixantes están incluídos no LIC Costa da Morte. Sector acantilado pero con bastantes depósitos de coios e areas ao pé, en forma de pequenas praias de peto. Así, aparecen o hábitat 1230 de acantilados costeiros atlánticos e o 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Na vertente aplanada desenvólvense unha matogueira bastante degradada que potencialmente estaría incluída nas brexeiras secas 4030 e 4040. Ademais, nunha valgada preséntase un pequeno bosque de ribeira (91E0).

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Esta é unha unidade que tradicionalmente foi pouco explotada para labores produtivos (agrícolas ou forestais), xa que se trataba dunha zona moi exposta ao mar, pouco fértil e afastada de calquera núcleo de poboación importante. Na actualidade a súa paisaxe caracterízase por un mosaico de parcelas agrícolas abandonadas que foron cubertas na súa maioría por vexetación costeira autóctona, composta fundamentalmente por matogueira. Aparece tamén un uso residencial pouco intensivo, caracterizado pola súa dispersión e descontinuidade, así como masas arbóreas dunha entidade tal que non permiten afirmar que haxa un uso forestal do solo.

#### MORFOLOXÍA

Nesta unidade non existía tradicionalmente ningún asentamento poboacional, xa que o núcleo de referencia, O Rañal, se sitúa na unidade veciña de Praia de Alba. O que se produciu na actualidade é un fenómeno de colonización de antigas parcelas agrícolas, agora abandonadas, ás que se asignan novos usos residenciais. Este proceso concéntrase especialmente arredor da estrada que percorre o litoral e entre esta e a fronte costeira na parte norte da unidade (na zona coñecida como a Ermida), mediante unha tipoloxía de vivenda unifamiliar illada que xera un tecido pouco denso, con grandes baleiros entre as parcelas edificadas.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Debido á súa tradicional carencia de asentamentos e actividades produtivas importantes, tampouco existía nesta unidade unha rede viaria relevante que facilitase o acceso. Actualmente, unha estrada que vén dende a zona do polígono de Sabón ofrece servizo ás diferentes vivendas existentes e permite o acceso ao aparcadoiro vinculado á Praia de Ripibelo. Dende aí, e cunha traza sensiblemente paralela á fronte litoral, arranca un paseo (con pavimento diferenciado para peóns e bicicletas) que percorre o ámbito e continúa polas unidades veciñas de Valcovo e de Barrañán, unindo mediante un único paseo litoral as Praias de Ripibelo, da Herbosa, da Ucha, dá Vaca, Valcovo, Combonzas e Barrañán.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Nesta unidade non se rexistra ningún elemento patrimonial catalogado.

## O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade caracterízase por ser un ámbito fundamentalmente plano, o que fai que as súas perspectivas se abran aos fenómenos paisaxísticos do interior, é dicir, o polígono industrial de Sabón e o núcleo de Arteixo. Territorio que tradicionalmente non soportou unha grande intensidade de usos (nin produtivos nin residenciais) e que está a experimentar un incipiente proceso de urbanización dispersa sobre parcelas de cultivo agora abandonadas. A potencia da estrutura parcelaria fai que esta chegase ata os nosos días practicamente inalterada, introducindo un forte patrón morfolóxico que condiciona os crecementos contemporáneos.

## DINÁMICA DA PAISAXE

Esta paisaxe experimentou unha evolución paralela á de moitos outros espazos da costa afastados dun asentamento poboacional importante. As parcelas de cultivo desta zona, debido á súa distancia do núcleo de referencia e á pouca produtividade do solo, foron as primeiras en ser abandonadas cando a actividade agrícola diminuíu. Isto propiciou unha recuperación da vexetación propia da costa, composta fundamentalmente por matogueira, sobre a estrutura parcelaria agraria. Actualmente, aparece un novo fenómeno de crecemento residencial que ocupa o territorio máis próximo ao litoral xerando un tecido moi pouco denso, sen continuidade nin compactidade ningunha.


## RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

Esta unidade presenta unha fronte costeira de especial valor natural, cunha sucesión de formacións areentas e acantilados de parede vertical e teito aplanado que a fixeron formar parte do LIC Costa da Morte, que se estende dende a veciña Praia de Alba ata o Cabo Fisterra. Toda a fronte litoral xunto á ladeira do monte da Cabreira, o que supón case a metade da superficie da unidade, están incluídas nesta figura de protección ambiental. En canto ás intervencións antrópicas, é salientable a intención de articular o litoral que ten o paseo peonil e de bicicletas que parte de aquí cara a Barrañán, xerando un percorrido costeiro entre puntos singulares de especial interese. Debido ás características físicas desta paisaxe, as conexións visuais co interior (a zona de Arteixo e o polígono de Sabón) son moi fortes, xa que non existen obstáculos naturais que impidan a continuidade visual. Un observador que se situase no norte do ámbito, na ladeira do monte da Cabreira, obtería unha percepción óptima tanto da unidade coma das paisaxes próximas de Sabón, Alba e o porto Exterior de Langosteira.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Non se contemplan ámbitos de recualificación napresente unidade.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



